

A BRETAÑA: UNHA PENÍNSULA ATLÁNTICA NA EUROPA DO ANTIGO RÉXIME (SÉCULOS XV-XIX)

Philippe Jarnoux

Université de Bretagne Occidentale (Brest)

DOI: [10.17075/gboc.2020.003](https://doi.org/10.17075/gboc.2020.003)

O obxecto deste breve estudo é mostrar as interaccións entre as realidades económicas dunha península caracterizada pola forte intensidade da súa inserción nas grandes correntes de intercambios comerciais da Europa atlántica, as peculiaridades políticas dunha provincia que goza dun status en extremo privilexiado no seo do Reino de Francia e as estruturas sociais particulares dunha rexión marcada por unha evidente miseria popular. Así mesmo, confrontaremos —polo menos en certos aspectos— a situación bretoa e a de Galicia e interrogarémonos sobre as súas relacións propias.

Segundo as escalas de observación, os ángulos de achegamento e os períodos considerados, a historiografía da Bretaña oscila entre a visión dunha idade de ouro nos séculos XVI e XVII e, sucedéndolle, unha crise primeiro latente e logo dramática, que desembocaría, no século XIX, nunha desaparición das actividades protoindustriais, unha incapacidade para entrar na modernidade, un arcaísmo social e cultural e —nun contexto de superpoboación relativa— fortísimas correntes de emigración que se prolongan ata os anos centrais do século XX¹.

A miña intervención dividírase en tres momentos.

Tratarase, en primeiro lugar, de amosar a importancia das correntes económicas, mercantís e comerciais que vinculan a Bretaña á economía atlántica e, en particular, ás Illas Británicas e á Península Ibérica, así como ao resto do Reino de Francia. Esta economía mercantil explica ata certo punto o incremento de poder dos círculos de negocios, urbanos e litorais, na fin da Idade Media e durante o Renacemento.

Mais, ao mesmo tempo, a masa da poboación rural, que en parte se acha, porén, na orixe deste dinamismo mercantil ao fornecer excedentes exportables (cereais, téxtiles...), só se beneficia marxinalmente das consecuencias derivadas destes circuítos de comercio. A agricultura perpetúa uns sistemas agrarios pouco rendibles e as xerarquías sociais do rural poñen en evidencia o peso do dominio nobiliario, que se aproveita da relativa fraqueza da fiscalidade estatal para se

¹ Un bo achegamento global a estas dúas cesuras temporais que puxo de manifesto a historiografía recente pódese atopar na confrontación de tres volumes sucesivos de historia da Bretaña publicados nas Éditions Ouest France na transición entre os séculos XX e XXI: Alain Croix (1993): *L'âge d'or de la Bretagne, 1532-1675*, Rennes, Ouest France; Jean Quéniart (2004): *La Bretagne au XVIII^e siècle (1675-1789)*, Rennes, Ouest France, e Michel Denis / Claude Geslin (2003): *La Bretagne des Blanc et des Bleus, 1815-1880*, Rennes, Ouest France. O carácter, por veces moi categórico, das posicións expresadas vese hoxe un pouco atenuado polas investigacións máis recentes.

impoñer ao mundo labrego. Deste xeito, a nobreza é a outra gran beneficiaria da estruturación económica da provincia, ademais de dilatar o seu control político local e provincial por medio, entre outros, dos Estados da Bretaña.

Nun terceiro momento, esforzémonos por comprender os mecanismos que explican a incapacidade da Bretaña para dar o salto á modernización no século XIX. A contracción e a transformación das redes mercantís atlánticas, o repregamento e, máis adiante, a brusca desaparición da produción protoindustrial, xunto coa ausencia de estímulos ás mudanzas técnicas agrícolas, non lle permiten desenvolver os seus recursos á provincia, desprovista xa dos privilexios fiscais e aduaneiros dos que se beneficiara baixo o Antigo Réxime, ao tempo que o crecemento demográfico contribúe a empobrecer unha porción cada vez maior do mundo campesiño e dun artesanado rural que vai en declive. En moitos aspectos, a Bretaña de primeiros do século XIX aparece así, aos ollos dos observadores e dos viaxeiros que a atravesan, como un concentrado de arcaísmos ancestrais: un pobo estraño apegado a uns hábitos culturais (en materia de lingua, relixión e indumentaria, por exemplo), unhas difíciles condicións de vida e unhas comodidades materiais do máis rudimentarios.

I. UNHA PENÍNSULA ATLÁNTICA

Nos séculos XIV e XV, a Bretaña participa do gran movemento de desenvolvemento do comercio marítimo no Atlántico e, a finais do XV e principios do XVI, é mesmo un dos actores e polos principais da cabotaxe atlántica². O ducado dispón de produtos moi solicitados que se destinan á exportación: o sal fornecido polas salinas da embocadura do Loira³, teas de cánabo e liño producidas en Léon e na rexión de Rennes e Vitré e teas para velame da área de Douarnenez e Locronan⁴;

² Henri Touchard (1967): *Le commerce maritime breton à la fin du Moyen Age*, Paris, Les Belles Lettres.

³ Gildas Buron (1999-2000): *Bretagne des marais salants*, 2 vols., Morlaix, Skol Vreizh, e Jean-Claude Hocquet / Jean-Luc Sarrasin / Gildas Buron (2006): *Le Sel de la Baie : histoire, archéologie, ethnologie des sels atlantiques*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes.

⁴ Jean Tanguy (1994): *Quand la toile va : l'industrie toilière bretonne du XVI^e au XVIII^e siècle*, Rennes, Éditions Apogée. Sobre o caso de Locronan e as teas para velame, véxase Jean Tanguy (1979): «Locronan et sa région du XVI^e au XVIII^e siècle», en Maurice Dilasser (dir.), *Un pays de Cornouaille : Locronan et sa région*, Paris, Nouvelle librairie de France.

no sentido inverso, importa coiro sen curtir de Irlanda, las inglesas, ferro vasco e asturiano e, sobre todo, viño de Bordeos e La Rochelle. A progresiva introdución do trigo mouro na agricultura bretoa converte a rexión en excedentaria en cereais⁵ e, agora que os habitantes se alimentan prioritariamente daquel, o trigo e o centeo transfórmanse en novos produtos de exportación (cara á Península Ibérica en particular, entre outros lugares).

O comercio habitual dos bretóns esténdese, de feito, desde Andalucía e Portugal, ao sur, ata Flandres e Holanda, e mesmo por veces Dinamarca, ao norte. A posición central da Bretaña neste espazo atlántico fai que os mariños e comerciantes bretóns non se contenten cun comercio de importación e exportación, senón que se transforman, ademais, nos primeiros transportistas de carga rodada dos mares e moven para os demais europeos un tráfico consistente en toda clase de mercadorías.

Este comercio realízase en embarcacións de cabotaxe de non moi grandes dimensións, pertencentes a comerciantes de medio tamaño que a miúdo proceden de portos pequenos ou cidades de media entidade. Unha das particularidades deste comercio bretón é que dinamiza varias dúcias de portos cativos situados no conxunto das costas da rexión; de feito, este comercio adaptado ás condicións económicas e técnicas da época é a fonte de riqueza e permite o desenvolvemento dunha gran cantidade de cidades de pequeno tamaño que conservan, ata hoxe, trazos visibles desa actividade na súa arquitectura relixiosa e civil⁶, ademais de lles traer fortuna ao alto clero e a unha parte da nobreza que, por medio do décimo, vende os excedentes de cereais, así como a unha elite urbana que se atopa en proceso de expansión e está formada por comerciantes, nobres e, pronto, pequenos financeiros e axentes da fiscalidade estatal ou paraestatal. Desde o comezo do século XVI, os navíos bretóns están presentes, así mesmo, en Terra Nova, onde se converten, xunto cos ingleses, nos principais pescadores de bacallau, que venden en parte na Bretaña, mais tamén na Península Ibérica en gran medida⁷.

⁵ Michel Nassiet (1998): «La diffusion du blé noir en France à l'époque moderne», *Histoire et sociétés rurales*, 9, 191-204.

⁶ En particular nos portos da costa sur, como Le Croisic, Auray e Quimperlé, mais tamén por veces no norte, en Le Conquet e Roscoff, por exemplo.

⁷ Para ter unha perspectiva xeral, véxase Charles de La Morandière (1962): *Histoire de la pêche française dans l'Amérique septentrionale*, Paris, Maisonneuve et Larose. Sobre as vendas na Península Ibérica non

Estas múltiples correntes comerciais amosan a extrema integración da Bretaña no espazo atlántico europeo. A rexión benefíciase igualmente, desde principios do século XVI, das consecuencias que se derivan das navegacións transatlánticas, de maneira quer directa, cos navíos bretóns presentes no Brasil na década de 1520⁸, quer indirecta, por medio de Sevilla e Andalucía, onde os bretóns eran xa comerciantes regulares desde o século XV⁹; así, entre a tripulación de Magalhães, en 1519, cóntanse cinco nativos desta terra, procedentes de portos que mantiñan contactos habituais con España e Portugal¹⁰.

Os intercambios marítimos da Bretaña vincúlana estreitamente aos espazos da Europa do norte, cara a Holanda, Flandres e as Illas Británicas, pero máis aínda á Península Ibérica. Con todo, neste conxunto ibérico Galicia está moi pouco presente e mesmo pasa por ser zona sumamente marxinal. Pola súa banda, os intercambios co País Vasco, centrados nas áreas de Donostia/San Sebastián e Bilbao, atópanse moi desenvolvidos desde finais da Idade Media grazas aos vencellos privilexiados de que gozan os nanteses e, máis adiante, xa no século XVIII, mediante a instauración de intercambios moi regulares con Landerneau. No XVI, as redes comerciais dos Ruíz alimentan intercambios tamén moi frecuentes de ferro e la de Castela por teas e grans bretóns¹¹. Este polo vasco amplíase de maneira puntual aos portos cantábricos, como Santander, apoiándose nos mesmos produtos, e todos estes portos vascos ou cantábricos constitúen os puntos de entrada de diversas rutas que penetran, a continuación, na meseta castelá, o que garante a existencia dun extenso mercado para os produtos exportados. Máis

hai estudos sintéticos correspondentes ao século XVI e é posible que esta vía de comercialización sexa máis tardía, pero a situación é ben coñecida a partir do século XVII. Véxase, entre outros, André Lespagnol (1989): *Messieurs de Saint-Malo : une élite négociante au temps de Louis XIV*, Saint-Malo, L'Ancre de Marine, reed. 1997 e 2011, Rennes, Presses Universitaires de Rennes.

⁸ Véxase Jean-Yves Merian (dir.) (2007): *Les aventures des Bretons au Brésil à l'époque coloniale*, Rennes, Les Portes du large.

⁹ Véxase, por exemplo, Anne Pennanguer (2008): «Les Bretons en Andalousie aux XVI^e et XVII^e siècles», en Jean Martin / Yvon Pellerin (dirs.), *Du lin à la toile : la proto-industrie textile en Bretagne*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes, 167-178.

¹⁰ Xavier de Castro (dir.) (2007): *Le voyage de Magellan (1519-1522) : la relation d'Antonio Pigafetta et autres témoignages*, Paris, Chandeigne, 483-509. Son case tantos como os galegos (sete homes) e proveñen de Auray, Le Croisic, Groix e Saint-Malo.

¹¹ Henri Lapeyre (1955): *Une famille de marchands : les Ruíz. Contribution à l'étude du commerce entre la France et l'Espagne sous Philippe II*, Paris, A. Colin.

ao sur, os vínculos con Andalucía son ben coñecidos e a Bretaña mantén tamén contactos regulares con Portugal, pero, entre estes dous polos, Galicia pasa por ser a grande ausente, sen dúbida porque a rexión non ofrece nin saídas suficientes nin produtos atractivos dos que os bretóns non dispuxesen xa. Neste sentido, a relativa semellanza dos respectivos modelos agrícolas e a carencia de mercados urbanos importantes en Galicia non contribúen a unhas relacións comerciais sostidas no tempo. Ata certo punto, hai que agardar polo desenvolvemento do arsenal militar de Ferrol no século XVIII, os diversos pactos familiares e o interese de Francia nos avances técnicos da frota española para que os franceses, entre os que se conta un amplo número de bretóns, se establezan no novo arsenal real e alí emprendan unha colaboración técnica continuada durante o século XVIII¹².

Ao longo do XVII e o XVIII, a Bretaña segue a participar, en gran medida, desta economía-mundo que se pon en marcha. St-Malo, a carón do tráfico de Terra Nova, desenvolve un comercio importante con Andalucía para fornecer a Cádiz de teas destinadas ao imperio americano¹³; Nantes pasa pouco a pouco do comercio de sal, cereais e teas con España a outro de tipo antillano e negreiro no século XVIII¹⁴, mentres que Lorient alberga a Compañía Francesa das Indias¹⁵ e a monarquía do país establece en Brest, a partir da década de 1660, o seu principal porto militar, unha de cuxas funcións consiste en garantir a protección das rutas que se dirixen ás colonias americanas e antillanas. Porén, coa excepción do caso de Nantes (e, a menor escala, de Lorient), a Bretaña fica, en parte, á marxe das grandes dinámicas da segunda metade do XVIII, caracterizadas pola súa intensi-

¹² Pedro de Diego González (2018): «Les villes portuaires du nord de l'Espagne», en Guy Saupin (dir.), *Les villes atlantiques européennes : une comparaison entre l'Espagne et la France (1650-1850)*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes. Sobre Ferrol e as cuestións militares, Alfredo Martín García (2018): «Puissance maritime et développement urbain de la Galice au XVIII^e siècle : la ville-arsenal du Ferrol», en Guy Saupin (dir.), *op. cit.*, e Iván Valdez Bubnov (2011): *Poder naval y modernización del Estado: política de construcción naval española (siglos XVI-XVIII)*, México, Universidad Nacional Autónoma de México.

¹³ Malia que un pouco vella, a obra de André Lespagnol antes citada segue a ser a mellor síntese sobre a cuestión. Para consultar un achegamento global recente, Jean Martin (2012): «Les toiles bretagnes dans le commerce franco-espagnol de 1550 à 1830», *Annales de Bretagne et des Pays de l'Ouest*, 1, 31-60.

¹⁴ Jean-Philippe Priotti (2004): *Bilbao et ses marchands au XVI^e siècle : genèse d'une croissance*, Lille, Presses Universitaires du Septentrion; Jean-Philippe Priotti / Guy Saupin (eds.) (2008): *Le commerce atlantique franco-espagnol : acteurs, négoce et ports (XV^e-XVIII^e siècles)*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes.

¹⁵ Philippe Haudrière (2005): *La Compagnie française des Indes au XVIII^e siècle*, 2 tomos, Paris, Les Indes savantes.

dade en termos de capital, que se atopan de maneira máis manifesta en Marsella, Bordeos ou Le Havre e Ruán, en Normandía. Na Bretaña, esta participación, á que contribuíu a intervención do Estado, desemboca na maior proxección que se lles deu a algúns dos grandes portos, mentres que a masa dos pequenos, moi activos na cabotaxe europea dos séculos XV e XVI, non coñece un crecemento real, sen dúbida porque a provincia non soubo acumular capital dabondo nin xerar a produción suficiente para se inscribir neses intercambios, cuxo volume aumentou dun xeito considerable desde o século XVI.

Pese a estas varias reservas, a Bretaña inscríbese de pleno na activa Europa do século XVIII e as novidades, técnicas ou materiais, difúndense polo territorio en ocasións precoz ou extensamente. Con todo, esta dinámica mercantil e marítima non atinxe ao conxunto da provincia e mantén uns vínculos complexos coa persistencia da miseria e do profundo arcaísmo das poboacións campesinas, maioritarias en moi gran medida.

II. AS DIFICULTADES DA ECONOMÍA RURAL

Se esquecemos as realidades marítimas, a ollada que pode deitarse sobre a Bretaña revela un estancamento da produción agrícola e alimentaria e unha inmovilidade das realidades e xerarquías sociais, que reserva claramente os beneficios da terra —fundamentais en toda sociedade preindustrial— a unha minoría nobiliaria que goza dunha considerable influencia social.

En canto á primeira das cuestións, o estancamento das técnicas agrarias, a Bretaña participa dun sistema agrario atlántico¹⁶. A poboación rural atópase dispersa no seo dun *bocage* cuxa malla se comprime progresivamente, en particular no século XVIII; o espazo do campo divídese entre terras cálidas, cultivadas con cereais que apenas ocupan algo máis da metade do territorio, e terras frías, formadas por pastos permanentes pero mediocres e mais landas, terras das cales as primeiras se

¹⁶ Para consultar unha presentación e unha análise xeral, Jean-René Trochet (2008): *Les campagnes en France et en Europe : outils, techniques et sociétés du Moyen Âge au XX^e siècle*, Paris, Presses de l'Université Paris-Sorbonne, 227-242.

someten a cultivo nunha longa rotación na que se alternan uns doce anos de ciclo cerealeiro e un período de pasteiro basto no que as terras se deixan para o gando.

Nestas condicións, os viaxeiros exteriores que visitan a rexión non poden deixar de creerse nun territorio «salvaxe» e pouco cultivado, tanto máis canto que o sistema impón o cerramento dos campos mediante ribadas e sebes, que alternan con vastas landas monótonas e moi escasamente habitadas¹⁷, o cal non impide a existencia de diferenzas xeográficas locais. Así, as rexións costeiras considéranse, polo xeral, máis ricas e poboadas e existen determinadas zonas moito máis privilexiadas, como o país maluíno, a bacía de Rennes, a rexión de Lamballe, León e a península de Rhuys¹⁸; aquelas cuxos excedentes cerealeiros non son captados de inmediato para a alimentación das cidades próximas participan e benefíciense amplamente do comercio de exportación de cereais que antes se mencionou.

Neste sistema agrario, a última grande innovación técnica foi a introdución (ou reintrodución) do trigo mouro no transcurso do século XV, que permitiu pasar dunha rotación bienal a outra trienal, aumentar de maneira global, por outra banda, o volume total da produción alimentaria e, finalmente, reservar os cereais máis nobres (o trigo) para a exportación¹⁹. Deste xeito, a revolución técnica que comportou o trigo mouro supuxo un forte pulo para o comercio marítimo bretón, ao tempo que permitiu alimentar de forma adecuada a masa de poboación da rexión, e, así, mentres que Francia sofre con periodicidade dramáticas fames, na Bretaña non hai ningunha crise alimentaria realmente duradeira e xeral²⁰ e grazas á produción cerealeira aliméntanse dous millóns de persoas. Con todo,

¹⁷ O exemplo máis característico é o do célebre agrónomo inglés Arthur Young, que visita a Bretaña en 1788. Arthur Young (1976): *Voyages en France en 1787, 1788 et 1789*, reed. Paris, A. Colin (pp. 228-247 para a parte bretoa).

¹⁸ As diferenzas locais de produtividade e riqueza agrícolas veñen de antigo e distínguense con claridade nas enquisas administrativas do século XVIII. Alain J. Lemaitre (1999): *La misère dans l'abondance en Bretagne au XVIII^e siècle : le mémoire de l'intendant Jean-Baptiste des Gallois de la Tour (1733)*, Rennes, Société d'histoire et d'archéologie de Bretagne.

¹⁹ Cf. Michel Nassiet, 1998, art. cit. O trigo non é o único cereal que se exporta; a Bretaña tamén vende centeo.

²⁰ Isto non exclúe a existencia de fames puntuais e locais, como as de 1532 e 1630 no país nantés e a de 1597-98, que se complica cos estragos da guerra e da epidemia. Porén, trátase case sempre de casos limitados que non teñen nada en común coas grandes crises alimentarias francesas dos anos 1661-63 e 1693-94, por exemplo. Sobre esas fames puntuais, véxase Alain Croix (1981): *La Bretagne aux XVI^e et XVII^e siècles : la vie, la mort, la foi*, Paris, Maloine, 367-452.

eses produtos non dan para máis e no século XVIII advírtese unha situación límite: a presión demográfica aumenta, pero a agricultura non pode brindar sustento a máis habitantes, agás reducindo ou interrompendo as exportacións de cereais, e, de feito, ben parece que estas se estancan neses momentos. A revolución agraria do trigo mouro no século XV fixera crecer a poboación durante dous séculos, mais a partir de finais do XVII tropeza nesta barreira dos dous millóns de habitantes.

A outra clave da produción agrícola reside na gandaría. Se o paisano bretón emprega só a metade do espazo agrario para os cereais, ocorre que gran parte do territorio queda consagrado a esoutro fin; trátase por veces dunha gandaría especializada, como a cabalar na metade norte da Bretaña (con animais que eran vendidos na bacía parisiense ou aos exércitos)²¹, mais, sobre todo, bovina, que alimenta unhas correntes comerciais de longa distancia²² e os intercambios locais (nun gran número de feiras)²³ ou lle permite ao labrego darlles saída a cuantiosos subprodutos, entre os que se contan a manteiga²⁴, a carne e as peles (que xeran actividades artesanais como o traballo do coiro)²⁵.

Nas terras máis favorecidas, os campesiños bretóns cultivan tamén, en cantidade, liño e cánabo, que se achan na base da gran produción téxtil da provincia. Este modelo agrícola reviste o mérito de cubrir as necesidades alimentarias da provincia ao tempo que libera excedentes cerealeiros exportables, xera circuitos comerciais gandeiros e garante a existencia de materias primas artesanais (téxtiles e coiro).

²¹ Non existe aínda ningún estudo pormenorizado da cría cabalar na Bretaña, malia todos os autores antigos sinalaren a súa importancia no norte da provincia. Para ter unha idea das dimensións da importancia económica (e cultural) do sector, véxase Daniel Roche (2008): *La Culture équestre de l'Occident, XVI-XIX^e siècle : l'ombre du cheval*, t. I: *Le Cheval moteur*, Paris, Fayard.

²² Véxase Jean-Marc Moriceau (1999): *L'Élevage sous l'Ancien Régime, XVI-XVIII^e siècle*, Paris, SEDES. Para consultar un exemplo concreto, nas marxes da Bretaña, Jean-Marie Vallez (1997): «Un marchand-herbager augeron à l'action. Michel Londe et ses bœufs de 1774 à 1805», *Enquêtes rurales*, 2, 37-62.

²³ Na enquisa de 1733 cuantifícanse máis dun milleiro por ano no conxunto da Bretaña. Alain J. Lemaître (1999), *op. cit.*, 49.

²⁴ A manteiga bretoa expórtase en cantidades relativamente importantes desde o norte da Bretaña cara a Normandía e o mercado parisiense a partir do século XVI.

²⁵ Sobre a transformación do coiro, que xera tamén circuitos comerciais con España e Portugal, véxase Dominique Derrien (2005): *L'industrie et le commerce maritime du cuir en Bretagne au XVIII^e et dans la première moitié du XIX^e siècle (v. 1700-v. 1830) : l'intégration d'une industrie et de ses acteurs dans l'espace économique français*, tese dactil., Rennes, Université Rennes 2.

Podería pensarse que se trata dun modelo «ideal» se non presentase ademais unha serie de elementos que indican a súa fragilidade e se non se apoiase nunha realidade social moi específica.

Neste sentido, o modelo en cuestión funciona, para a maior parte da poboación, nun marco de extrema frugalidade campesiña e duns hábitos de condicións de vida particularmente mediocres, todo isto nun contexto de suma fragmentación da propiedade e das explotacións. Inscríbese, así mesmo, nunha situación de repartición moi desequilibrada dos beneficios e poderes; en efecto, o campo bretón sofre unha fortísima presión señorial e nobiliaria, pois esta é unha das rexións do reino onde a nobreza (en particular a pequena e mediana) é máis numerosa²⁶ e tamén se conta entre aquelas en que as cargas señoriais son máis gravosas (podían chegar a entre o 15 % e o 25 % dos ingresos brutos dos campesiños)²⁷.

Ás cargas financeiras engádese o peso das restricións sociais ligadas ao dominio señorial nunha sociedade estreitamente parroquial, ás dificultades da circulación²⁸ e, no caso da Baixa Bretaña, ao illamento no marco dun modelo cultural e lingüístico específico. Este dominio señorial tradúcese en sistemas bastante particulares de tenza das terras (como o *domaine congéable*), mais tamén, por veces, no xurdimento dunha minoría de campesiños ricos que gozan de poder local nas asembleas de parroquias, interveñen nos chanzos primarios do comercio dos produtos agrícolas, se benefician dos primeiros obxectos característicos da comodidade material e poden prever o ascenso social dos seus fillos (en particular, mediante o sacerdocio)²⁹.

²⁶ Véxase Jean Meyer (1966): *La noblesse bretonne au XVIII^e siècle*, Paris, SEVPEN; Michel Nassiet (1993): *Noblesse et pauvreté : la petite noblesse en Bretagne (XV^e-XVIII^e siècle)*, Rennes, Société d'histoire et d'archéologie de Bretagne.

²⁷ A multitude de pequenos señoríos, nos cales se impuñan cargas moi distintas, fai imposible presentar dato xeral ningún sobre a materia, xa que as diferenzas podían ser acusadísimas en distancias moi reducidas. Véxase, por exemplo, Jean Gallet (1983): *La Seigneurie bretonne, 1450-1680*, Paris, Presses de l'Université de Paris-Sorbonne.

²⁸ Na Bretaña, por mor das fonduras do relevo e da humidade de numerosos vales fluviais e de ríos costeiros, a circulación local a miúdo tórnase moi aleatoria.

²⁹ Sobre estas elites campesiñas e rurais, véxase Christian Kermoal (2002): *Les notables du Trégor : éveil à la culture politique et évolution dans les paroisses rurales (1770-1850)*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes.

Este dominio social dos señores sobre a sociedade rural repercute tamén no plan político provincial mediante o poder maioritario que ten a nobreza nos Estados da Bretaña³⁰.

As cuestións de fiscalidade e privilexios constitúen o terceiro elemento que lle confire fragilidade ao modelo bretón. Así, o dominio político da nobreza nos estados provinciais permitiulle, no nome da defensa dos privilexios da Bretaña, limitar sensiblemente o peso da fiscalidade estatal; trátase da provincia francesa que paga menos impostos (por habitante) e esta debilidade da fiscalidade monárquica abriulle a posibilidade ao mantemento doutra de tipo señorial que é, pola súa banda, unha das máis gravosas de Francia. En total, o campesiño bretón non soporta menos impostos que outro do resto do país, pero eses gravames non veñen dos mesmos individuos, pois, en efecto, as cargas señoriais alimentan directamente os ingresos da nobreza. Ora ben, a partir de mediados do século XVII e, sobre todo, no XVIII, a fiscalidade real amosa unha tendencia a supoñer unha maior carga para a poboación, mentres que, de maneira progresiva, un gran número de privilexios comerciais e aduaneiros se ven postos en dúbida e debilitados polos desexos monárquicos de unificar ou racionalizar o mercado interior³¹.

O exemplo da industria do coiro resulta significativo no que a estas mudanzas respecta. Nun modelo de economía atlántica, non existen impostos á importación de peles estranxeiras sen curtir (procedentes de Irlanda, Portugal e o Río da Prata), como tampouco durante a súa comercialización en Francia, o que posibilita as vendas en grande escala ao exército ou á mariña e permite o desenvolvemento dunha importante produción artesanal en Léon (Guimiliau) e ao redor de Beignon, mais tamén en cidades como Moncontour, Quimperlé e Nantes. Porén, a imposición en todo o reino de tributos novos e uniformes establecidos en 1760 reduce as vantaxes económicas que tiña a Bretaña no interior do territorio e, deste xeito, lastrada polas guerras revolucionarias dos mercados exteriores e afastada xeograficamente do avituallamento dos exércitos, a industria bretoa do coiro non sobrevivirá³².

³⁰ Armand Rébillon (1932): *Les États de Bretagne de 1661 à 1789 : leur organisation, l'évolution de leurs pouvoirs, leur administration financière*, Paris, Auguste Picard; Rennes, Plihon.

³¹ Para facer un seguimento destas problemáticas a longo tempo, James Collins (2006): *La Bretagne dans l'Etat royal : classes sociales, États provinciaux et ordre public de l'Édit d'Union à la révolte des Bonnets rouges*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes.

³² Cf. Dominique Derrien, *op. cit.*

III. A IMPOSIBLE MODERNIZACIÓN

A economía bretoa do Antigo Réxime repousa fundamentalmente sobre uns cimentos agrarios e rurais que conducen a unhas condicións de vida mediocres e rutineiras para a masa de habitantes, ao tempo que garanten, por outra banda, a riqueza das elites nobiliarias e aseguran a existencia na provincia de diversos produtos destinados á exportación. En paralelo, a economía marítima beneficiase dun sistema aduaneiro e fiscal erixido sobre os privilexios e exencións de que goza a Bretaña desde a súa integración ao reino, nos comezos do século XVI.

Existen vencellos que van dun destes sectores ao outro. A pluriactividade litoral, por exemplo, permitiu o desenvolvemento dunha pesca da sardiña que é, en parte, obra de campesiños-pescadores, antes de que a transformación das técnicas conserveiras no século XIX faga eclodir unha industria activa. Pola súa banda, as exportacións de cereais e teas aseguran a existencia de saídas comerciais para os produtos agrícolas, pero experimentan unha contracción na segunda parte do século XVIII a causa do crecemento demográfico, da competencia internacional e da crecente presión fiscal da monarquía, que reduce os privilexios provinciais.

E estes vencellos non abundan para dinamizar a unha (a economía marítima) nin arrastrar a outra (a economía rural). De feito, na segunda metade do século XVIII, a conxuntura económica e demográfica, a competencia internacional e as mudas revolucionarias impiden a modernización da economía e a sociedade bretoas.

Entra en xogo aquí a evolución internacional da economía europea. Nos anos de 1740-50, as mellores teas bretoas sofren a competencia das polonesas e alemás, que se venden tamén en España, e en Irlanda, nun contexto de enfrontamento secular con Francia, os británicos pasan a elaborar produtos semellantes, que moi pronto lles permiten prescindir das importacións bretoas; os artigos comercializados pola Bretaña non sempre son capaces de facer fronte á situación. O mesmo pode dicirse das exportacións de sal: a ampliación dos navíos e o aumento do consumo resultan favorables para as salinas do sur de Europa, que nun primeiro momento son as de Setúbal, en Portugal, e posteriormente as mediterráneas.

En moitos ámbitos e desde o comezo do século XVI, a Bretaña beneficiárase de privilexios, exencións e proteccións aduaneiras que a situaban á marxe do mercado nacional francés. Trátase a miúdo dunha dupla vantaxe: isto permitíalle

á rexión vender os seus produtos a prezos competitivos en Francia, sen deixar de situarse con moitísima forza nunha economía atlántica que se estende de Cádiz a Copenhague. Para a Bretaña, a boa saúde da economía española e a inglesa importaba case tanto como a da francesa. Este posicionamento atlántico, resultante dos privilexios políticos da provincia, comezou a ser posto en causa a finais do século XVII, durante o reinado de Luís XIV, e a continuación o movemento acelérase e expándese no transcurso do XVIII malia a resistencia dos estados provinciais³³.

Neste difícil contexto e cunha economía debilitada, o período revolucionario agrava as tensións, en particular porque nos anos que van de 1792 a 1815 se contan máis de vinte e cinco anos de guerra total, que prexudica especialmente a economía marítima; en efecto, os intercambios exteriores da Bretaña tórnanse aleatorios e son cuestionados con regularidade, por non dicir que se fan imposibles³⁴. Por outra banda, a conxuntura política europea e ibérica acentúa as dificultades bretoas. Despois de 1812, as relacións económicas con España resultan en extremo complicadas e a independencia do imperio español en América marca a desaparición definitiva das saídas comerciais do que era, desde había tres séculos, un dos principais produtos bretóns para a exportación: as teas.

A ausencia de progreso técnico na agricultura bretoa non permite compensar este repregamento económico. Os beneficios da agricultura —probablemente menores que antes— seguen monopolizados, a principios do século XIX, por antigas elites nobiliarias, a miúdo máis entregadas á terra que á realización de investimentos económicos produtivos. Para alén diso, rómpese o vencello entre beneficios agrarios e comercio marítimo; a Bretaña apenas exporta xa. Trátase tamén do resultado do mantemento no campo dunha estrutura social nada igualitaria.

De certo, tal ausencia é só parcial e existen algunhas tentativas logradas —por exemplo, ao redor de Landerneau— de fabricación industrial de teas³⁵. Porén, as verdadeiras innovacións técnicas non chegarán ata unhas datas sensiblemente

³³ Olivier Chaline (2007): «Louis XIV et deux millions de Bretons», *Bulletin et mémoires de la Société archéologique et historique d'Ille-et-Vilaine*, t. CXI, 97-121.

³⁴ Anne de Mathan / Pierrick Pourchasse / Philippe Jarnoux (dirs.) (2018): *La mer, la guerre et les affaires : enjeux et réalités maritimes de la Révolution française*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes.

³⁵ Yves Blavier (1999): *La Société linière du Finistère : ouvriers et entrepreneurs à Landerneau au XIX^e siècle*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes.

máis tardías (1840-50 no caso das conservas e do desenvolvemento dun polo industrial nantés) e esta falta de progreso técnico, en particular na agricultura, asociada ao crecemento demográfico, desemboca nun incontestable agravamento da miseria rural, tanto máis notable canto que noutras rexións de Francia as cousas transcorren doutra maneira.

No século XIX, probablemente os bretóns estean, en proporción, empobrecidos con relación á masa da poboación francesa. É desas realidades económicas, así como de determinadas situacións culturais, de onde nacen os clichés e estereotipos que van caracterizar máis adiante a Bretaña.